

Bo día,

Un ano máis, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Promoción do Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social mantén o seu compromiso coa presenza do eido cultural da economía social no **Culturgal**.

Por este motivo, queremos convidaros e animaros a participar na **edición 2023 da Feira das Industrias Culturais**, que este ano se celebrará en Pontevedra do **venres 1 ao domingo 3 de decembro**.

Como cada ano, dispoñemos de xeito gratuíto dun **espazo expositivo colectivo** desde onde visibilizar a economía social galega, así como a diversidade de **produtos e servizos das entidades culturais** participantes.

En caso de ter interese en participar, será requisito imprescindible achegar a ficha de inscrición cuberta, que enviamos anexa, **antes das 14:00h do 10 de novembro** aos correos economiasocial.emploi@xunta.gal e a 7hcoop@7hcoop.gal

Características do stand e requisitos de participación

O Stand da **Economía Social Galega** é xa un consolidado punto de encontro e **intercooperación** para as entidades do sector e un espazo fundamental para establecer contacto con potenciais clientes durante a Feira.

A equipa de coordinación supervisará e atenderá o stand durante o horario completo de apertura da feira, facilitando que as entidades participantes fagan uso do espazo colectivo segundo os seus intereses e necesidades, que deberán trasladar á organización no momento de cubrir a solicitude. Unha vez confirmada a participación, coordinarase o uso colectivo do stand atendendo ás necesidades comunicadas.

Actividades no stand

Como vén sendo habitual, o stand está dispoñible para que as entidades participantes poidan facer uso del e presentar alí os seus proxectos ou servizos, dun modo cercano e sen amplificación.

As cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción e outras entidades da economía social pertencentes ao sector cultural profesional poden enviar, no momento da súa inscrición, a súa proposta de exhibición, presentación ou espectáculo, indicando as necesidades das mesmas se as tivesen.

Como novidade este ano, ata 6 das propostas presentadas, optarán a formar parte da programación oficial desta 16ª edición do Culturgal, contando cun pequeno orzamento para a súa celebración e ubicándose nos escenarios preparados para tal fin. Para candidatarase a este proceso de selección basta indicalo na ficha de inscrición, acompañándoa cunha descrición detallada da actividade, e, sempre que sexa posible, arquivos de imaxe, vídeo ou música, segundo proceda, para a súa pre-visualización. Aínda que non hai limitacións nos contidos, valoraranse especialmente as propostas multidisciplinaís.

De entre as propostas recibidas, seleccionaranse aquelas que permitan completar unha oferta o máis coherente, variada e atractiva posible, priorizándose aquelas que sexan novidades e/ou estreos ou que estean deseñadas expresamente para a ocasión. Escollerase un máximo dunha proposta por entidade. A selección de propostas será realizada pola **Subdirección Xeral de Economía Social** en colaboración co equipo directivo da feira.

Requisitos de participación:

- Ser entidades culturais de carácter profesional.
- Estar ao día no cumprimento das súas obrigas rexistras.

Sen máis, agardamos que a proposta vos resulte de interese. Quedamos a vosa disposición para o que precisedes.
Un saúdo,